

Ideoloxía e realismo

39

SUPLEMENTO
DOMINICAL
21 DE DICIEMBRE DE 2025

Literatura

XULIO VALCÁRCEL
xulioval@gmail.com



Manuel López Foxo propón unha concepción aberta, comprometida e consecuente, integrando todo o que poida sumar ao servizo da causa

O debate sobre o autogoberno en Galiza adoita quedar atrapado en formulacións excesivamente simplificadoras, cando non directamente ancoradas en marcos ideolóxicos que xa non responden á complexidade do presente.

Fronte a esas propostas, Manuel López Foxo aposta por abandonar esquemas pechados e asumir que o autogoberno non é un fin en si mesmo, senón unha ferramenta ao servizo do desenvolvemento do país. Desde esta perspectiva, o autogoberno galego non pode ser entendido unicamente como unha reivindicación identitaria nin tampouco como un simple mecanismo administrativo, senón como un espazo de converxencia no que dialoguen posicionamentos diversos, achegando cada unha desas correntes, aínda sendo antagónicas, elementos de interese tanto ideolóxicos como prácticos que, integrados en síntese enriquecedora, contribúan a unha actuación máis dilixente e eficaz.

Temas como "A disolución do Partido Galeguista no interior", as figuras de Camilo Nogueira, Suárez Canal, Ramón Piñeiro, a carta aberta ao presidente Alfonso Rueda dian-




Ilustración de Gosia Trebacz | Cedida

te do Ano Castelao; "Da autonomía limitada ao autogoberno real", entre outros non menos transcendentales, son tratados por López Foxo con tanta honestidade crítica como claridade expositiva. Cando valora a escasa presenza inicial do nacionalismo nas institucións, establece o seguinte diagnóstico: "Talvez faltou madurez política, flexibilidade ideolóxica e capacidade táctica (...) Talvez sobrou emoción e idealismo e faltou un maior realismo político".

Da lectura do libro de López Foxo tiramos a conclusión de que un enfoque rigoroso obriga, asemade, a fuxir de anacronismos estériles. Pretender reproducir hoxe modelos de soberanía concibidos noutros contextos históricos ou confiar en solucións maximalistas desligadas das condicións materiais do país, o único que consegue é afastarse

das verdadeiras necesidades cidadanía. Do mesmo xeito, reducir o autogoberno a unha mera xestión técnica, sen contido conceptual nin proxecto de futuro, conduce á irrelevancia institucional. Na práctica, ese potencial segue infrutilizado por carencias estruturais, mais tamén por falta de ambición política, dependencia excesiva das directrices estatais, febleza na planificación a longo prazo e esa teima, recorrente, a converter en debate ideolóxico o que debiera ser instrumento operativo.

Consenso

Cómpre, xa que logo, un consenso arredor dos obxectivos compartidos: Un goberno con ideas propias en ámbitos esenciais como o ordenamento do territorio, a xestión dos recursos naturais, a recuperación do

rural e do tecido produtivo; garantir servizos públicos sostíbeis, protexer o patrimonio natural e cultural, con especial incidencia no idioma. Isto require xenerosidade e madurez, asumir que o autogoberno é un proceso dinámico, negociado e perfectible, non unha fórmula pechada nin un dogma inmutable.

Como sinala Suso de Toro na cita coa que Manuel López Foxo abre o libro, 'Galiza continúa sen explotar plenamente a súa verdadeira capacidade'; e non por falta de talento ou de recursos, senón pola torpeza á hora de artellar unha estratexia na que confluían, de maneira positiva, ideoloxía e utilidade.

Un autogoberno entendido como síntese, e non como trincheira, podería ser a chave para superarmos as limitacións que nos coutan.